



FIC ◀

VENRES 10
CIDADE DAS TIC
DE 12.30 A 14.00

ÉTICA E
TECNOLOXÍA:
UN DIÁLOGO
SOBRE A IA
NO MUNDO
AUDIOVISUAL

CON
AMPARO ALONSO,
FERNANDO SUÁREZ,
TONI SALGADO,
MARCOS NINE E
GASPAR BROULLÓN

Este panel reunirá a destacados especialistas en intelixencia artificial e experimentados profesionais do sector audiovisual para unha conversación enriquecedora sobre a intersección de ética e tecnoloxía na industria do entretemento. Exploraremos como a intelixencia artificial está impactando na narrativa, a produción e a distribución de contido audiovisual, e como abordar cuestións éticas urxentes relacionadas coa privacidade, o sesgo algorítmico e a toma de decisións automatizadas. Este panel ten como obxectivo arrojar luz sobre como a IA está transformando o xeito en que consumimos e creamos contido, e como podemos asegurar que este avance sexa guiado por principios morais e sociais.

AMPARO ALONSO: Amparo Alonso Betanzos é Catedrática da área de Informática e Intelixencia Artificial en CITIC-Universidade da Coruña (UDC), onde coordina o grupo LIDIA (Laboratorio de I+D de Intelixencia Artificial). As súas liñas de investigación son o desenvolvemento de modelos escalables de Machine Learning, Intelixencia Artificial Fiable e Explicable e Green AI, entre outras. Publicou máis de 200 artigos en revistas e congresos internacionais, así como libros e capítulos de libros, participando en máis de 30 proxectos de investigación competitivos europeos, nacionais e locais. Anteriormente foi Presidenta da Asociación Española de Intelixencia Artificial (2013-21), e membro da “Lista de Reserva” do Grupo de Expertos de Alto Nivel en Intelixencia Artificial (AI HLG), da Comisión Europea. É membro senior de IEEE e ACM. Participou como membro do Grupo de Traballo sobre Intelixencia Artificial do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades de España, que colaborou na redacción da Estratexia Española de I+D+i en Intelixencia Artificial en 2018, e actualmente é membro do Consello Asesor sobre IA do Gobierno de España desde 2020, así como membro do Comité Español de Ética, Ciencia e Innovación dende 2023.

FERNANDO SUÁREZ: Licenciado en Informática pola Universidade da Coruña e Certificado Profesional en Transformación Digital do MIT, Fernando Suárez Lorenzo (Ferrol, 1973) é un dos impulsores do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), órgano que preside dende a súa constitución, en decembro de 2007. Funcionario tanto da administración autonómica como da local, dende enero de 2018 desenvolve a súa actividade profesional na Deputación de Ourense, como director da Área de Transparencia e Goberno Aberto. Previamente traballou na Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia como xefe do Departamento de Sistemas e no Concello de Santiago de Compostela, como xefe de Innovación. Actualmente é presidente do Consello Xeral de Colexios de Enxeñaría en Informática e vicepresidente da Fundación Instituto Internacional de Tecnoloxía e Dereito Dixital. Ademais, é vogal do Consello Consultivo para a Transformación Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, director do Curso Superior de Administración Electrónica da EGAP e docente en distintos mestrados universitarios das universidades de Santiago, A Coruña e Vigo e do Centro Universitario da Defensa.

TONI SALGADO (Asociación de Actores e Actrices de Galicia): Formación na Aula de Teatro da Universidade de Santiago, (2000-2004) Formou parte da compañía A Factoría Teatro participando en montaxes como O canto do Dime-Dime, lesi Cebola contra a doutora Rabia Rabiña, Os homes só contan até tres, Castronós, o baile, Sr.Mundo, dígame?, Alicia & Alicia. Para Nordesía e Turgalicia traballou no espectáculo-cabaret Centolla T.V. Participou tamén coa compañía Ónfalo Teatro no espectáculo Na meta. Ten traballado para o Centro Dramático Galego nas montaxes Shakespeare en Roma, O regreso ao deserto, A boa persoa de Sezuán e Ás oito da tarde cando morren as nais. Premio María Casares á mellor actor protagonista por O principio de Arquímedes de Teatro do Atlántico. Traballou tamén con Ibuprofeno Teatro na montaxe Raclette e como axudante de dirección do espectáculo Invisibles. No audiovisual ten participado en series como Escoba!, Piratas, Pratos combinados, Mar Libre, Pazo de familia, Serramoura, A estiba, Néboa, El punto frío, O sabor das margaridas, El secreto de Puenteviejo, La casa de papel, Rapa ou filmes como Doentes e La sombra de la ley. Na actualidade complementa a súa formación teatral cursando estudos de Dirección escénica e dramaturxia na ESAD de Galicia.

MARCOS NINE (Asociación Sindical Galega de Guionistas): Director e guionista con máis de 20 anos de experiencia no terreo da No-Ficción, destacando polo emprego da combinación de materiais preexistentes, a partir dos que xera novos discursos. Licenciado en Ciencias da Información, comeza a súa carreira en 2001 como guionista de series de televisión como Mareas Vivas, Terra de Miranda, As leis de Celavella, Pazo de familia ou Serramoura. En 2003 dirixe a súa primeira obra, Carcamans, documental de corte informativo sobre a catástrofe do Prestige na Ría de Arousa. Con Pensando en Soledad (2006) recibe o Premio ao mellor director de Documental no Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF) e inicia o seu traballo nunha serie de títulos que verán a luz a través do programa Galicia Documental da Televisión de Galicia. Gañou o Premio Mestre Mateo que outorga a Acemia Galega do Audiovisual en 7 ocasións. A súa primeira longametraxe, La Brecha (2011), tivo a súa estrea mundial no Festival Internacional de Cine Independiente de Bos Aires BAFICI, e a súa segunda longaemtraxe, A viaxe de Leslie, na SEMINCI de Valladolid.

GASPAR BROULLÓN (Clúster Audiovisual Galego): OlloVivo Producións. Produtor, director, montador e docente audiovisual. Produtor executivo das longametraxes O Corpo Aberto (2021), Eroski-Paraíso (2019) e Esquece Monelos (2016). Director de documentais como Beiras.Vivir2Veces ou programas de televisión como Deportes Imposibles. Montador de series como Hierro ou Rapa e documentais como Manoliño Nguema.